



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Seminario interadministrativo sobre desenvolvemento de proxectos innovadores para persoal da Administración local e autonómica.

GRUPO: Cursos Local

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	40
ADMINISTRACIÓN:	AU LO	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2007
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Os obxectivos do programa son a xeración de proxectos de innovación complexos, mediante intercambio de experiencias e información, definindo o proxecto, compartíndoo e dándolle sentido, horizonte e obxectivos, coa idea de establecer as bases para una cooperación eficaz entre as diversas partes; incorporar unha metodoloxía de traballo en común e de cooperación cara á innovación; desenvolver procesos de traballo grupal e de mellora continua no propio traballo e no conxunto; sentar as bases para unha colaboración e cooperación eficaz e os soportes informáticos necesarios para ela e resolver problemas complexos a través de proxectos de innovación interdisciplinarios e que precisan de moita coordinación.

DESTINATARIOS

Persoal das administracións local e autonómica con responsabilidades en materia de xestión de proxectos innovadores. Poderán participar nesta acción formativa os empregados públicos e as empregadas públicas que se encontran en situación de servizo activo ou excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar.

PROGRAMA

O seminario ten unha duración de 40 horas e estrutúrase en dúas partes: 20 horas presenciais e 20 horas a distancia.

Primeira fase (20 horas):

Seguirase unha metodoloxía mining, que permite o desenvolvemento de espazos de innovación fundamentándose na acción-reforma e na experiencia dos participantes, aplicando a máxima de aprender facéndoo en grupo. O ciclo de traballo será de catro reunións, dunha duración cada unha de 5 horas.

Primeira reunión: coñecemento mutuo, innovación (linguaxe común). Primeira aproximación ao estado das cousas. Problemas estruturais e horizonte de innovación. O papel do observador. Tarefa: entramos na fase documental.

Segunda reunión. Intercambio e xeración de linguaxe común. Análise dos problemas e documentación: estruturación do problema (que é importante e que o é menos: estratexias). O papel do grupo e da memoria. Tarefa: completamos a fase documental e internámonos na analítica-interpretativa.

Terceira reunión. Seguimos intercambiando en grupo ata o deseño de proxectos de innovación en función dos problemas formulados. O papel do facilitador nun grupo. Tarefa: plan de márketing do proxecto co sistema de apoio.

Cuarta reunión. Presentación e compartición de proxectos. ¿Como traballamos? Redes de intercambio, de colaboración e de participación.

Segunda fase (20 horas): o ciclo complementase cun espazo de intercambio e de innovación, unha plataforma modelo que permitirá o intercambio de experiencias e información, foros, correos, etc. e tamén o traballo en común sobre proxectos conxuntos ou participados por varias persoas.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

VER DOG / VER MEMORIA

3. DATOS EDICIÓN

SE07LSI001SA

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 31/05/2007 a 21/06/2007
--

NUM. PRAZAS: 16

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)
--

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE
